

S SEREAS

“as mulleres do mar”

Carmen Ángeles Expósito Carballo, Chicha

«A vida é un tango»

Carmen, máis coñecida como *Chicha*, naceu en San Roque, Vigo, en decembro de 1930. Irmá de seis mulleres e un home, pasou toda a vida traballando co peixe.

Cando tiña 5 anos, estalou a guerra civil española e a súa familia pasouno moi mal e vivíuna con medo. Lembra que levaban os homes para matalos detrás do cemiterio, a carón da súa casa; lembra a escaseza de aceite, o pouco pan, o racionamento... Un día entraron na súa casa e leváronlles o pouco que tiñan: unha manta, un reloxo, un cinto e ata a roupa que vestían ela e mais as irmás. Deixáronas espidas.

Despois da guerra, o seu pai traballaba de carpinteiro en Barreras; daquela a auga do mar chegaba aos soportais do Berbés, e elas ían polas pedras ata o estaleiro para lle levar a comida.

Desde pequena traballou e axudou na casa, e antes dos vinte anos comezou a traballar en Casamar, lavando e poñendo a secar bacallau; tamén ía á vendima, «porque lle pagaban ben».

A súa nai sempre foi peixeira, e despois de Casamar, Chicha empezou a traballar con ela na Ribeira do Berbés. Vestían mandil, «o mandil da Ribera», e levaban o peixe en patelas na cabeza. Ao principio subían camiñando o muro da Estación de Ferrocarril, logo collían o tranvía número 3 que ía a Cabral e as deixaba preto do Mercado do Calvario, onde tiñan o seu posto, e máis tarde en autobús.

Cando xa tiña o seu posto no Mercado, Chicha erguíase ás 4:30 e ía sempre en taxi ao Berbés para comprar o peixe. Volvía sobre as 7:00 ou 7:30, ás veces soa e outras con outra peixeira, en taxi; ou cunha escabicheira que tiña furgoneta e a acercaba á praza.

Daquela, á lonxa pequeniña chegaba o tren para coller o peixe e distribuílo. E no Berbés había tres quioscos onde elas almorzaban antes de ir ao mercado e despois de mercar o peixe na poxa.

As especies máis vendidas no seu posto foron sempre a carioca e o rapante, pero tamén xurzelos, polbos e calamares. Ela di que vendía moito na praza porque «vendía máis barato», xa que ás veces «compraba o peixe menos bonito pero bo igualmente».



Compráballe a Claudino, a Antonio de Moaña, a Martin e Pilar Estévez, e a moita xente que xa faleceu, e tiña por costume levar chocolates e caramelos para a xente da lonxa.

Sen apenas saber ler e escribir, as contas non se lle escapaban. Sempre foi consciente de que tiña que aforricar e regatear, para conseguir un bo prezo; fiábanlle e pagaba de semana en semana.

Moi relixiosa, conta orgullosa que viaxou varias veces a Italia con amigas solteiras, como ela, que coñeceu cando visitaba as monxas de María Inmaculada en Vigo, desde os quince anos.

Xubilouse en marzo de 2022, con 91 anos, e sente que, tanto na lonxa de Vigo coma no Mercado do Calvario, todo o mundo a quería.



#incansables #loitadoras #traballadoras #amables
#humildes #compañeiras #fortes #esenciais

FUNDAMAR
Fundación para la Pesca y el Marisqueo

